



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MUROS

Modificación da composición dos membros Xunta de Goberno Local do Concello de Muros

ANUNCIO

Por Resolución da Alcaldía núm. 1238/2023 do 26 de decembro, adoptouse os seguintes acordos:

Vista a Resolución da Alcaldía núm. 696/2023 do 26 de xullo que resolve a designación dos membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Muros publicado no BOP núm. 147 do 3 de agosto de 2023.

Vista a toma de posesión da concelleira Da. Maruxa Martínez Romaní no pleno ordinario do 30 de novembro de 2023.

E considerando conveniente para o mellor funcionamento do Concello de Muros o nomeamento dunha concelleira delegadas e tendo en conta o contido dos artigos 21.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime Local e 43 e seguintes do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Modificar o punto primeiro da Resolución 696/2023 do 26 de xullo que queda redactado do seguinte xeito:

“Primeiro. Crear a Xunta de Goberno Local do Concello de Muros, que queda integrada polos seguintes membros, concelleiros da corporación (ademais da Alcaldesa que a preside):

- *Caridad González Cerviño*
- *Laura Eiras Rivadeneira*
- *Sandra Maneiro Pais*
- *Maruxa Martínez Romaní*”

SEGUNDO. Comunicar esta resolución ao concelleiro e concelleira afectados e aos diferentes servizos municipais, para o seu coñecemento e efectos.

TERCEIRO. Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Muros.

CUARTO. Dar conta ao pleno da Corporación en cumprimento do establecido no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

QUINTO. Esta designación producirá efecto dende o día da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Muros, 26 de decembro de 2023

A alcaldesa

Da. María Lago Lestón

2023/10152



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MUROS

Anuncio composición membros XGL

ANUNCIO

Anuncio da designación dos membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Muros

Por Resolución da Alcaldía núm.696/2023 do 26 de xullo adoptouse os seguintes acordos:

"I.- Antecedentes de Feito:

Único. *Constituída a nova Corporación o día 7 de xullo de 2023, tras as eleccións celebradas o pasado 28 de maio de 2023, de conformidade co previsto no artigo 20.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), a Xunta de Goberno Local é de existencia preceptiva neste Concello.*

II.- Fundamentos de Dereito:

Primeiro. De conformidade co previsto no artigo 23 da mesma Lei, a Xunta de Goberno Local intégrase polo alcalde e un número de concelleiros non superior ao terzo do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente por aquel, dando conta ao Pleno.

Segundo. Á vista da normativa indicada na LRBRL e artigos 52 e concordantes do Real decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, esta Alcaldía, no uso das súas atribucións,

RESOLVE:

Primeiro. *Crear a Xunta de Goberno Local do Concello de Muros, que queda integrada polos seguintes membros, concelleiros da corporación (ademais da Alcaldesa que a preside)*

- *Caridad González Cerviño*
- *Laura Eiras Rivadeneira*
- *Mario Martínez Lago*
- *Sandra Maneiro Pais*

Segundo. *Notifíquese esta resolución ás/aos concelleiras/os interesadas/os a fin de que expresen a súa aceptación.*

Terceiro. *Publíquese esta resolución no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Muros*

Cuarto. *Dese conta ao pleno da Corporación en cumprimento do establecido no artigo 38 do Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986."*

Muros, 27 de xullo de 2023

A alcaldesa

María Lago Lestón

2023/6307



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MUROS

Delegación de competencias

ANUNCIO

Anuncio da delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local do Concello de Muros

Por Resolución da Alcaldía núm.697/2023 do 26 de xullo adoptouse os seguintes acordos:

I.- Antecedentes de Feito:

Único. *Constituída a nova Corporación o día 7 de xullo de 2023, tras as eleccións celebradas o pasado 28 de maio de 2023, e unha vez producida a designación dos membros da Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía, considérase conveniente para o mellor funcionamento da administración municipal a delegación de determinadas atribucións do alcalde na Xunta de Goberno Local, tendo en conta o previsto nos artigos 21.3 e 23.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 43 e seguintes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.*

II.- Fundamentos de Dereito:

Primeiro. De conformidade co previsto no artigo 43.2 do Real decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais establece que, o Alcalde pode efectuar delegacións a favor da Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado.

As delegacións faranse mediante resolución da Alcaldía da que se dará conta ao Pleno na primeira sesión que teña lugar. Estas delegacións serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da sinatura da resolución polo Alcalde, salvo que nela se dispoña outra cousa.

Segundo. Á vista da normativa indicada da LRBRL e artigos 43, 44, 45 e 114 a 118 e concordantes do Real decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, esta Alcaldía, en uso das súas atribucións,

RESOLVE

Primeiro. *Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións da Alcaldía:*

- a) *Asistencia permanente ó alcalde no exercicio das súas atribucións*
- b) *As atribucións que esta alcaldía delega de forma expresa e que a continuación se expresan.*
 - a. *Concesión de licencias urbanísticas e títulos habilitantes.*
 - b. *Aprobación de padróns fiscais.*
 - c. *Os contratos de obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada. Non son obxecto de delegación os contratos menores regulados no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.*
 - d. *Os demais asuntos que sendo competencia da alcaldía, considere oportunos levalos a coñecemento e decisión da Xunta de Goberno Local.*

Estas delegacións a favor da Xunta de Goberno Local realízanse sen prexuízo das competencias propias atribuídas polo artigo 23 da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime local á Xunta de Goberno Local, de asistencia ao alcalde no exercicio das súas atribucións e aquelas outras que o pleno da corporación, de ser o caso, lle estime oportuno delegar.

Segundo. A facultade de resolución dos recursos de reposición contra os actos ditados por esta no exercicio das atribucións delegadas será competencia do órgano delegante de acordo co disposto no artigo 9 de la lei 40/2015.

Terceiro. Na sesión constitutiva da Xunta de Goberno Local deberá procederse a aceptar as delegacións realizadas pola señora alcaldesa mediante a presente resolución.

Cuarto. Na sesión plenaria de organización da corporación fixarase a periodicidade das sesións ordinarias de Xunta de Goberno Local.

Quinto. Dese conta ó pleno da corporación e publíquese no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Muros e no Boletín Oficial da Provincia o contido das delegacións da Alcaldía na Xunta de Goberno Local, en cumprimento do establecido nos artigos 38 e 44 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.”

Muros, 28 de xullo de 2023

A alcaldesa

María Lago Lestón

2023/6322